

## I. DISPOSICIONES XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

- 3546** *Real decreto lei 6/2017, do 31 de marzo, polo que se aproba a oferta de emprego público nos ámbitos de persoal docente non universitario e universitario, Forzas Armadas, forzas e corpos de seguridade do Estado e corpos de policía dependentes das comunidades autónomas para 2017.*

#### I

As necesidades de funcionamento de determinados sectores de actividade pública requiren da incorporación de persoal de novo ingreso conforme unha cadencia temporal preestablecida.

Esta situación prodúcese especialmente nos corpos de funcionarios docentes non universitarios e de profesorado universitario, no persoal das Forzas Armadas e no persoal das forzas e corpos de seguridade do Estado e dos corpos de policía dependentes das comunidades autónomas.

Para poder garantir a prestación destes servizos públicos con estabilidade e con axuste ás necesidades, cómpre contar cunha adecuada planificación de medios persoais, ao que contribúe a aprobación mediante este real decreto lei da oferta de emprego público dos sectores referidos.

O artigo 70 do texto refundido do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, regula a oferta de emprego público como instrumento de xestión da incorporación de persoal de novo ingreso. Dada a extraordinaria e urxente necesidade de que se produzan as incorporacións deste persoal aos citados sectores de actividade, este real decreto lei aproba unha oferta de emprego público para a inmediata convocatoria dos respectivos procesos selectivos.

#### II

O dereito á educación conságrase como dereito fundamental no artigo 27 da Constitución. A escolarización da poboación en xeral e da que se encontra en etapas da educación non universitaria e, en particular, obrigatoria, constitúe un dos piares esenciais para facer efectivo o seu exercicio.

No caso do persoal docente non universitario, a necesidade urxente e inaprazable xorde do feito consistente en que é un sector de actividade que require a incorporación de persoal de novo ingreso ao inicio de cada curso lectivo.

Isto é, o proceso selectivo do persoal pertencente aos corpos de funcionarios docentes non universitarios débese desenvolver dun modo necesariamente temporal e acompasado aos cursos lectivos. Este real decreto lei garante a necesidade inaprazable de cobertura de prazas para o comezo do curso académico 2017-2018, co fin de prover con medios persoais fundamentais o dereito á educación do artigo 27 da Constitución, desenvolvido pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

En concreto, este real decreto lei prevé, respecto das administracións públicas con competencias educativas, a convocatoria anticipada para acceso aos corpos de funcionarios docentes da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, dun número de prazas do cen por cento en termos de taxa de reposición de efectivos dos ditos corpos, a cal se considera a estritamente necesaria para garantir o mantemento dos medios persoais indispensables para a adecuada prestación deste servizo esencial. No ámbito das competencias educativas da Administración xeral do Estado, apróbase a oferta de emprego público para corenta e dúas prazas do corpo de mestres.

Así mesmo, e polos mesmos motivos que se acaban de sinalar e que se desenvolven igualmente na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, este real

decreto lei prevé unha taxa de reposición de efectivos de até un máximo do cen por cento para os corpos de catedráticos de universidade, de profesores titulares de universidade e para os profesores contratados doutores de universidade regulados no artigo 52 da citada Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro.

## III

As Forzas Armadas requiren, para cumprir as misións que constitucionalmente teñen asignadas e asegurar o nivel de operatividade necesario das súas unidades, uns efectivos mínimos por debaixo dos cales resultaría difícil a consecución destes obxectivos. Cómpre, ademais, que tales efectivos teñan unha distribución adecuada no tempo que permita garantir a operatividade das unidades, polo que é necesario un acceso anual ás distintas escalas de oficiais nunha contía determinada e sensiblemente constante.

Esta situación vese agravada nas citadas escalas de oficiais pola complexidade e duración do período de formación previo ao acceso a elas, no cal se require non só superar os estudos correspondentes ás súas futuras funcións como militar de carreira senón tamén obter un título de grao universitario. Neste caso, a programación do ensino militar e, especialmente, o correlativo ensino universitario de grao nos centros universitarios da Defensa determinan que a aprobación da oferta das correspondentes prazas se deba facer coa máxima urxencia, xa que a non aprobación inmediata desta comportará o conseguinte atraso no desenvolvemento dos procesos selectivos, así como no nomeamento como alumnos daqueles que os superen, o que impediría o normal desenvolvemento do curso académico, dada a adscrición destes centros a unha determinada universidade.

As mesmas consideracións poden darse por reproducidas respecto á oferta de emprego público para a escala de oficiais da Garda Civil, xa que, de acordo co previsto na disposición derradeira sétima da Lei 39/2007, do 13 de novembro, da carreira militar, na provisión anual de prazas das Forzas Armadas se inclúen as de ingreso no ensino de formación para a incorporación á escala superior da Garda Civil.

Respecto do persoal das Forzas Armadas e das forzas e corpos de seguridade do Estado, este real decreto lei garante as necesidades da defensa nacional e da seguridade pública que se reflicten nos respectivos cadros de persoal. Así mesmo, o período selectivo para o ingreso deste persoal débese acompañar aos inmediatos períodos formativos posteriores exixidos, conforme o capítulo IV do título IV da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar; o artigo 29.2.a) da Lei orgánica 9/2015, do 28 de xullo, de réxime de persoal da Policía Nacional, e o artigo 28.1.a) da Lei 29/2014, do 28 de novembro, de réxime de persoal da Garda Civil, respectivamente, o cal non pode esperar á aprobación dun novo orzamento, o que xustifica a extraordinaria e urxente necesidade da norma.

No caso do persoal das Forzas Armadas, o artigo 18 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, prevé a aprobación anual da provisión de prazas de ingreso nos centros docentes militares de formación sobre a base da programación plurianual, dos créditos orzamentarios, da evolución real de efectivos e dos procesos de formación definidos na dita lei. Ao abeiro do anterior, este real decreto lei fixa en mil seiscentas noventa e nove o número de prazas de ingreso nos centros docentes militares de formación, conforme as modalidades que establece a citada Lei 39/2007, do 19 de novembro, desagregadas en setecentas sesenta e seis prazas de acceso directo e novecentas trinta e tres prazas de promoción interna.

No ámbito do persoal das forzas e corpos de seguridade do Estado dependentes do Goberno da Nación, conforme a Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, provese en 2017 a Policía Nacional de tres mil trescentas trinta e unha prazas de novo ingreso e duascenas sesenta de promoción interna, de acordo coa Lei orgánica 9/2015, do 28 de xullo, e de dúas mil trescentas corenta e seis prazas o corpo da Garda Civil. Destas, mil oitocentas unha destínanse ao ingreso directo na escala de cabos e gardas, catrocentas oitenta adicionais son de promoción interna e sesenta e cinco son para a escala de oficiais da Garda Civil. Todas estas prazas se ofertan conforme o artigo 26 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, e responden á análise previa das necesidades inmediatas de medios persoais que require a seguridade pública.

Pola súa parte, respecto dos corpos de policía dependentes das comunidades autónomas, regulados pola citada Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, son predicables as mesmas razóns de atención ás necesidades de seguridade pública e de procesos de formación sinalados anteriormente.

## IV

Este real decreto lei cumpre cos principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia. Deste modo, a norma persegue un interese xeral ao permitir asegurar o correcto funcionamento de sectores de actividade pública esenciais como son a educación, as Forzas Armadas ou as forzas e corpos de seguridade do Estado, non comporta a restrición de dereitos dos particulares, establece as medidas imprescindibles para cumprir o seu obxectivo, non xera novas cargas administrativas e quedan xustificadas suficientemente os obxectivos que persegue.

## V

Como sinalou en diversas ocasións o Tribunal Constitucional, corresponde ao Goberno apreciar cal é o momento ou a conxuntura económica máis apropiada para adoptar medidas de política económica xeral. Estas pódense adoptar, cando así sexa preciso, mediante a aprobación de disposicións legislativas provisionais e de eficacia inmediata como as contidas nun real decreto lei.

Todos os argumentos expostos xustifican de maneira adecuada e suficiente a urgente e extraordinaria necesidade da adopción do presente real decreto lei. Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Facenda e Función Pública, da ministra de Defensa, do ministro do Interior e do ministro de Educación, Cultura e Deporte, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 31 de marzo de 2017,

## DISPOÑO:

*Artigo 1. Oferta de emprego público para acceso aos corpos de funcionarios docentes en administracións públicas con competencias educativas, corpos docentes universitarios, profesores contratados doutores de universidade e aos corpos de policía dependentes das comunidades autónomas.*

1. Con respecto, en todo caso, ás dispoñibilidades orzamentarias do capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos, fíxase unha taxa de reposición de efectivos de até un máximo do cen por cento para os seguintes sectores:

a) As administracións públicas con competencias educativas para o desenvolvemento da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en relación coa determinación do número de prazas dos corpos de funcionarios docentes non universitarios.

b) Os corpos de catedráticos de universidade, de profesores titulares de universidade e profesores contratados doutores de universidade regulados no artigo 52 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, sempre que as administracións públicas de que dependan autoricen as correspondentes convocatorias, logo da acreditación de que a oferta de emprego público das citadas prazas non afecta o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para a correspondente universidade, nin os demais límites fixados na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

c) Os corpos de policía autónoma daquelas comunidades autónomas que contén con corpos propios da dita policía no seu territorio.

2. A validez da taxa autorizada no número anterior estará condicionada a que as prazas resultantes se inclúan nunha oferta de emprego público que, de conformidade co

establecido no número 2 do artigo 70 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, deberá ser aprobada polos respectivos órganos de Goberno das administracións públicas e publicarse no boletín oficial da provincia, da comunidade autónoma ou, se for o caso, do Estado, antes da finalización do ano 2017.

A validez da dita autorización estará igualmente condicionada a que a convocatoria das prazas se efectúe mediante a súa publicación no diario oficial da comunidade autónoma ou, se for o caso, do Estado, no prazo improrrogable de tres anos contados desde a data da publicación da oferta de emprego público en que se inclúan as citadas prazas, cos requisitos establecidos no parágrafo anterior, de conformidade co disposto no artigo 70.1 texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

3. Co fin de permitir o seguimento da oferta, os órganos competentes das comunidades autónomas deberán remitir ao Ministerio de Facenda e Función Pública, ademais de calquera outra información que lles sexa requirida, unha certificación do número de baixas e altas tidas en conta no cálculo da taxa de reposición, incluídas as altas e baixas por concursos de traslado producidas como consecuencia dos procedementos de mobilidade voluntaria entre distintas administracións públicas no ano inmediato anterior.

4. Para calcular a taxa de reposición de efectivos, a porcentaxe de taxa máxima fixada aplicarase sobre a diferenza resultante entre o número de empregados fixos que, durante o exercicio orzamentario anterior, deixaron de prestar servizos en cada un dos respectivos sectores, ámbitos, corpos ou categorías, e o número de empregados fixos que se incorporasen neles, no referido exercicio, por calquera causa, excepto os procedentes de ofertas de emprego público, ou reingresasen desde situacións que non comporten a reserva de postos de traballo. Para estes efectos, computaranse os cesamentos na prestación de servizos por xubilación, retiro, falecemento, renuncia, declaración en situación de excedencia sen reserva de posto de traballo, perda da condición de funcionario de carreira ou a extinción do contrato de traballo, ou en calquera outra situación administrativa que non supoña a reserva de posto de traballo ou a percepción de retribucións con cargo á Administración na cal se cesa. Igualmente, teranse en conta as altas e baixas producidas polos concursos de traslados a outras administracións públicas.

5. Non computarán dentro do límite máximo de prazas derivado da taxa de reposición de efectivos as prazas que se convoquen para a súa provisión mediante procesos de promoción interna.

*Artigo 2. Oferta de emprego público para acceso a sectores de actividade do ámbito competencial da Administración xeral do Estado.*

1. Durante o exercicio 2017, no ámbito da Administración xeral do Estado, autorízanse un total de 42 prazas para acceso libre no corpo de mestres.

2. Durante o exercicio 2017, autorízanse un total de 1.699 prazas de militares de carreira e militares de complemento das Forzas Armadas, de acordo co previsto na Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, e 65 prazas para a escala de oficiais da Garda Civil, de acordo co previsto no artigo 40.2 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, de réxime de persoal da Garda Civil, e na disposición derradeira sétima da citada Lei 39/2007, do 19 de novembro.

O número de prazas de ingreso nos centros docentes militares de formación, desagregadas en prazas de acceso directo, prazas de promoción de militares de carreira ás escalas de oficiais, prazas de promoción e promoción interna de militares de complemento ás escalas de oficiais, prazas de promoción de militares de tropa e mariñeiría ás escalas de oficiais e suboficiais e prazas para a escala de oficiais da Garda Civil, así como prazas de acceso a unha relación de servizos de carácter permanente e prazas de reservistas voluntarios, determinanse no anexo deste real decreto lei.

3. Durante o exercicio 2017, autorízanse un total de 3.331 prazas para o acceso á Policía Nacional, coa seguinte distribución por escalas:

Escala executiva: 130.

Escala básica: 3.201.

Do total de prazas autorizadas na escala básica da Policía Nacional resérvanse 640 para militares profesionais de tropa e mariñeiría que leven ao menos cinco anos de servizos como tales, de acordo co previsto no artigo 20.5 da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría. Estas prazas, de non ser cubertas, acumularanse ás autorizadas por oposición libre na escala básica da Policía Nacional.

Así mesmo, de conformidade co establecido no artigo 13 do Real decreto 614/1995, do 21 de abril, polo que se aproba o Regulamento dos procesos selectivos e de formación no Corpo Nacional de Policía, a autorización da convocatoria de 130 prazas para oposición libre na escala executiva comporta a autorización da convocatoria de 260 prazas para a súa provisión por promoción interna desde a categoría de subinspector.

4. Durante o exercicio 2017, autorízanse até un total de 1.801 prazas para ingreso directo na escala de cabos e gardas do corpo da Garda Civil.

Do total de prazas autorizadas na escala de cabos e gardas do corpo da Garda Civil resérvanse 721 aos militares profesionais de tropa e mariñeiría que leven ao menos cinco anos de servizos efectivos como tales, de acordo co previsto no artigo 20.4 da Lei 8/2006, do 24 de abril, e 175 prazas para os alumnos do Colexio de Gardas Mozos. En ambos os casos, estas prazas, de non ser cubertas, acumularanse ás autorizadas por oposición libre na escala de cabos e gardas do corpo da Garda Civil.

Así mesmo, autorízase a convocatoria, para ingreso por promoción profesional nos centros docentes de formación da Garda Civil, mediante a modalidade de promoción interna, de 80 prazas na escala de oficiais e de 400 na escala de suboficiais, de acordo co establecido nos artigos 36 e 37 da Lei 29/2014, do 28 de novembro.

5. As prazas autorizadas no ámbito da Administración xeral do Estado de acordo co previsto neste artigo computaranse, para efectos da taxa de reposición que durante 2017 corresponda á Administración xeral do Estado, nos termos que se establezan na Lei de orzamentos xerais do Estado para 2017.

*Disposición adicional primeira. Normas polas que se desenvolverán os procesos selectivos do ámbito da Administración xeral do Estado.*

1. Aos procesos selectivos que se aproben en execución do artigo 2.1 deste real decreto lei seranlles de aplicación os criterios xerais sobre procesos, a súa publicidade e xestión, referentes a persoal funcionario de carreira, previstos polo artigo 3 e as normas sobre reserva de prazas para persoas con discapacidade do artigo 4 do Real decreto 105/2016, do 18 de marzo, polo que se aproba a oferta de emprego público para o ano 2016.

2. Aos procesos selectivos que se aproben en execución das restantes epígrafes do artigo 2 aplicaráselles a normativa específica de cada un dos ámbitos a que se refiren estes.

*Disposición adicional segunda. Oferta de emprego público da Policía Autónoma Vasca.*

1. Con vixencia indefinida, a oferta de emprego público da Policía Autónoma Vasca será a que resulte necesaria para dar cumprimento ao Acordo da Xunta de Seguridade para o País Vasco sobre a súa composición numérica total, de conformidade co establecido na disposición transitoria cuarta da Lei orgánica 3/1979, do 18 de decembro, de Estatuto de autonomía do País Vasco.

2. O establecido no número anterior resultará igualmente de aplicación ás ofertas de emprego público da Policía Autónoma Vasca dos anos 2015 e 2016.

*Disposición derradeira primeira. Títulos competenciais.*

As previsións sobre a oferta de emprego público e a taxa de reposición de persoal docente non universitario das administracións públicas con competencias educativas, corpos de catedráticos de universidade, de profesores titulares de universidade e profesores contratados doutores de universidade regulados no artigo 52 da Lei

orgánica 6/2011, do 21 de decembro, de universidades, e de corpos de policía autónoma daquelas comunidades autónomas que contén con corpos propios da dita policía no seu territorio, así como na disposición adicional segunda, teñen carácter básico e dítanse ao abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup>, que atribúe ao Estado as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica, e do artigo 156.1 da Constitución española.

Respecto do persoal de Forzas Armadas, este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.4.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre defensa e forzas armadas. E no que se refire ao persoal das forzas e corpos de seguridade do Estado, este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.29.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de seguridade pública.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 31 de marzo de 2017.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY

## ANEXO

## FORZAS ARMADAS E ESCALA DE OFICIAIS DA GARDA CIVIL. PRAZAS DE INGRESO NOS CENTROS DOCENTES MILITARES DE FORMACIÓN

## Ingreso directo

1. *Militares de carreira*

## Escala de oficiais

EXÉRCITO DE TERRA	Corpo xeral (a) . . . . .	200
	Corpo de intendencia . . . . .	13
	Corpo de enxeñeiros politécnicos . . . . .	8
ARMADA	Corpo xeral (b) . . . . .	62
	Corpo de infantaría de mariña (a) . . . . .	14
	Corpo de intendencia . . . . .	11
	Corpo de enxeñeiros . . . . .	8
EXÉRCITO DO AIRE	Corpo xeral (c) . . . . .	65
	Corpo de intendencia . . . . .	6
	Corpo de enxeñeiros . . . . .	5
CORPOS COMÚNS	Corpo xurídico militar . . . . .	10
	Corpo militar de intervención . . . . .	12
	Corpo militar de sanidade (d) . . . . .	65
	Corpo de músicas militares (e) . . . . .	1
Total escalas de oficiais . . . . .		480

## Escala técnica

EXÉRCITO DE TERRA	Corpo de enxeñeiros politécnicos . . . . .	13
ARMADA	Corpo de enxeñeiros . . . . .	1
EXÉRCITO DO AIRE	Corpo de enxeñeiros . . . . .	3
Total escalas técnicas . . . . .		17

## Escala de oficiais enfermeiros

CORPOS COMÚNS	Corpo militar de sanidade . . . . .	23
Total escala de oficiais enfermeiros . . . . .		23

## Escala de suboficiais

EXÉRCITO DE TERRA	Corpo xeral (f) . . . . .	100
ARMADA	Corpo xeral (g) . . . . .	26
	Infantaría de mariña (f) . . . . .	5
EXÉRCITO DO AIRE	Corpo xeral (h) . . . . .	52
CORPOS COMÚNS	Corpo de músicas militares (i) . . . . .	15
Total escalas de suboficiais . . . . .		198
TOTAL MILITARES DE CARREIRA . . . . .		718

## 2. Militares de complemento

## Escalas de oficiais

EXÉRCITO DE TERRA	Corpo de enxeñeiros politécnicos . . . . .	4
ARMADA	Corpo xeral . . . . .	12
	Corpo de infantaría de mariña . . . . .	10
	Corpo de intendencia . . . . .	8
	Corpo de enxeñeiros . . . . .	2
EXÉRCITO DO AIRE	Corpo xeral . . . . .	4
	Corpo de intendencia . . . . .	2
	Corpo de enxeñeiros . . . . .	2

## Escalas técnicas

ARMADA	Corpo de enxeñeiros . . . . .	4
TOTAL MILITARES DE COMPLEMENTO . . . . .		48
TOTAL INGRESO DIRECTO . . . . .		766

## Promoción (v) (w)

Escalas de oficiais	Militares de carreira (j)	Militares de complemento (k)	Militares de tropa e mariñeiría (l)	TOTAL
EXÉRCITO DE TERRA				
Corpo xeral (m) . . . . .	21	6	26	53
Corpo de intendencia . . . . .	2	2	2	6
Corpo de enxeñeiros politécnicos . . . . .	3	2	1	6
ARMADA				
Corpo xeral (n) . . . . .	7	2	7	16
Corpo de infantaría de mariña (ñ) . . . . .	2	2	4	8
Corpo de intendencia . . . . .	2	2	2	6
Corpo de enxeñeiros . . . . .	1	2	2	5
EXÉRCITO DO AIRE				
Corpo xeral (o) . . . . .	7	2	8	17
Corpo de intendencia . . . . .	1	2	3	6
Corpo de enxeñeiros . . . . .	5	2	1	8
CORPOS COMÚNS				
Corpo xurídico militar . . . . .	1	2	1	4
Corpo militar de intervención . . . . .	1	2	1	4
Corpo militar de sanidade (p) . . . . .	4	9	5	18
Corpo de músicas militares (q)* . . . . .	1	0	1	2
Total escalas de oficiais . . . . .	49	37	73	159

(\*) A praza ofertada para militares de tropa e mariñeiría tamén poderá ser solicitada por militares de carreira.



Escalas técnicas	Militares de carreira (j)	Militares de complemento (k)	Militares de tropa e mariñeiría (l)	TOTAL
<b>EXÉRCITO DE TERRA</b>				
Corpo de enxeñeiros politécnicos . . . . .	1	2	1	4
<b>ARMADA</b>				
Corpo de enxeñeiros . . . . .	1	2	1	4
<b>EXÉRCITO DO AIRE</b>				
Corpo de enxeñeiros . . . . .	4	2	2	8
Total escalas técnicas. . . . .	6	6	4	16

Escala de oficiais enfermeiros	Militares de carreira (j)	Militares de complemento (k)	Militares de tropa e mariñeiría (l)	TOTAL
<b>CORPOS COMÚNS</b>				
Corpo militar de sanidade. . . . .	1	2	1	4
Total escala de oficiais enfermeiros . . . . .	1	2	1	4

Escalas de suboficiais	Militares de tropa e mariñeiría (r)
<b>EXÉRCITO DE TERRA</b>	
Corpo xeral (f). . . . .	400
<b>ARMADA</b>	
Corpo xeral (s) . . . . .	118
Infantería de mariña (t). . . . .	21
<b>EXÉRCITO DO AIRE</b>	
Corpo xeral (u) . . . . .	210
<b>CORPOS COMÚNS</b>	
Corpo de músicas militares . . . . .	5
Total escalas de suboficiais . . . . .	754

Total promoción: 933.

Prazas de acceso e adscrición a corpo e escala

Militares de carreira oficiais (acceso) . . . . .	617
Militares de carreira suboficiais (acceso) . . . . .	840
Militares de complemento (adscrición). . . . .	45
<b>TOTAL. . . . .</b>	<b>1.502</b>

Prazas para o acceso a unha relación de servizos de carácter permanente

Militares de complemento. . . . .	41
Militares de tropa e mariñeiría . . . . .	150

## Prazas para acceder á condición de reservista voluntario

Para o conxunto das Forzas Armadas . . . . . 100

*Garda Civil*

## Escala de oficiais

Ingreso directo centro docente de formación militar (a) . . . . . 65  
 Acceso a escala . . . . . 65

## Notas:

- (a) Prazas sen exixencia previa de titulación universitaria.
- (b) Destas 62 prazas, ofertaranse 54 sen exixencia de titulación universitaria previa e 8 con exixencia de titulación universitaria previa, segundo o previsto no artigo 57.1 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, e na disposición transitoria cuarta, punto 2, do Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas. As prazas non cubertas nunha das cotas non se poderán acumular á outra.
- (c) Destas 65 prazas, ofertaranse 60 sen exixencia de titulación universitaria previa e 5 con exixencia de titulación universitaria previa, segundo o previsto no artigo 57.1 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, e na disposición transitoria cuarta, punto 2, do Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro. As prazas non cubertas nunha das cotas non se poderán acumular á outra.
- (d) Destas 65 prazas, ofertaranse 25 para a especialidade fundamental de Medicina mediante a forma de ingreso directo sen exixencia de titulación universitaria previa, segundo o disposto na disposición derradeira quinta da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, de dereitos e deberes dos membros das Forzas Armadas, que modifica a disposición adicional sexta da Lei 39/2007, do 19 de novembro. Na convocatoria correspondente poderanse determinar as prazas que se ofertarán con créditos adquiridos, conforme o establecido na disposición adicional cuarta do Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, modificado polo Real decreto 1141/2012, do 27 de xullo. Das que se oferten para ingreso na especialidade fundamental de Medicina con exixencia de titulación previa, até un máximo de 10 poderanse publicar con exixencia dunha especialidade médico-cirúrxica.
- (e) Para a especialidade fundamental Dirección.
- (f) Prazas sen exixencia previa de titulación de técnico superior.
- (g) Destas 26 prazas, ofertaranse 2 con exixencia previa de titulación de técnico superior segundo o establecido na letra b) do punto 6 do artigo 17 do Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, e 24 sen exixencia de titulación previa; as ofertadas con exixencia de titulación que non se cubran acumularanse ás ofertadas sen exixencia de titulación e viceversa.
- (h) Destas 52 prazas, ofertaranse 8 con exixencia previa de titulación de técnico superior segundo o establecido na letra b) do punto 6 do artigo 17 do Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, e 44 sen exixencia de titulación previa; as ofertadas con exixencia de titulación que non se cubran acumularanse ás ofertadas sen exixencia de titulación e viceversa.
- (i) As prazas non cubertas acumularanse ás ofertadas por promoción no mesmo corpo e escala.
- (j) Para oficiais e suboficiais militares de carreira, excepto militares de complemento da Lei 17/1999, do 18 de maio, de réxime de persoal das Forzas Armadas, nas condicións establecidas no artigo 62 da Lei 39/2007, do 19 de novembro. Nos corpos xerais dos exércitos e infantaría de mariña as prazas ofertaranse exclusivamente para a forma de promoción para cambio de escala.

(k) Para promoción interna para cambio de escala e promoción para cambio de corpo de militares de complemento da Lei 17/1999, do 18 de maio, e para promoción para cambio de escala dos militares de complemento da Lei 39/2007, do 19 de novembro, nas condicións establecidas na disposición transitoria quinta, punto 4, e no artigo 62, punto 5, da Lei 39/2007, do 19 de novembro, e na disposición transitoria terceira, número 4, do Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro.

(l) Para militares de tropa e mariñeiría, nas condicións establecidas no artigo 62 da Lei 39/2007, do 19 de novembro.

(m) Das 18 prazas ofertadas a militares de carreira e das 29 prazas ofertadas a militares de tropa e mariñeiría reservaranse 6 e 15, respectivamente, nas condicións establecidas na disposición transitoria cuarta do Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, relativas á promoción para cambio de escala con exixencia de titulación universitaria previa. Caso de non se cubriren, as prazas ofertadas para ingreso con exixencia de titulación universitaria previa acumularanse ás de promoción sen exixencia de titulación universitaria previa e viceversa.

(n) Das 4 prazas ofertadas a militares de carreira e das 10 prazas ofertadas a militares de tropa e mariñeiría reservaranse 2 e 6, respectivamente, nas condicións establecidas na disposición transitoria cuarta do Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, relativas á promoción para cambio de escala con exixencia de titulación universitaria previa. Caso de non se cubriren, as prazas ofertadas para ingreso con exixencia de titulación universitaria previa acumularanse ás de promoción sen exixencia de titulación universitaria previa e viceversa.

(ñ) Das 2 prazas ofertadas a militares de carreira e das 4 prazas ofertadas a militares de tropa e mariñeiría reservaranse 1 e 2, respectivamente, nas condicións establecidas na disposición transitoria cuarta do Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, relativas á promoción para cambio de escala con exixencia de titulación universitaria previa. Caso de non se cubriren, as prazas ofertadas para ingreso con exixencia de titulación universitaria previa acumularanse ás de promoción sen exixencia de titulación universitaria previa e viceversa.

(o) Das 4 prazas ofertadas a militares de carreira e das 11 prazas ofertadas a militares de tropa e mariñeiría reservaranse 2 e 8, respectivamente, nas condicións establecidas na disposición transitoria cuarta do Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, relativas á promoción para cambio de escala con exixencia de titulación universitaria previa. Caso de non se cubriren, as prazas ofertadas para ingreso con exixencia de titulación universitaria previa acumularanse ás de promoción sen exixencia de titulación universitaria previa e viceversa.

(p) Destas 18 prazas, ofertaranse 5 para a especialidade fundamental de Medicina mediante a forma de ingreso sen exixencia de titulación universitaria, segundo o disposto na disposición derradeira quinta da Lei orgánica 9/2011, do 27 de xullo, que modifica a disposición adicional sexta da Lei 39/2007, do 19 de novembro. Na convocatoria correspondente poderanse determinar as prazas que se ofertarán con créditos adquiridos, conforme o establecido na disposición adicional cuarta do Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, modificado polo Real decreto 1141/2012, do 27 de xullo.

(q) Das dúas prazas ofertadas, unha ofertarase para a especialidade fundamental de Instrumentista, reservada para suboficiais do corpo de músicas militares, conforme o establecido no artigo 62.2 da Lei 39/2007, do 19 de novembro. A outra ofertarase para a especialidade fundamental de Dirección e poderá ser solicitada indistintamente por suboficiais do corpo de músicas militares e militares de tropa e mariñeiría.

(r) Para militares de tropa e mariñeiría, nas condicións establecidas no artigo 62 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, e no artigo 15 da Lei 8/2006, do 24 de abril, de tropa e mariñeiría.

(s) Destas 118 prazas, ofertaranse 8 con exixencia de titulación previa de técnico superior, nas condicións establecidas na letra b) do punto 6 do artigo 17 do Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro; destas últimas, as non cubertas acumularanse ás 110 ofertadas sen exixencia previa de titulación de técnico superior.

(t) Destas 21 prazas, ofertaranse 5 con exigencia de titulación previa de técnico superior, nas condicións establecidas na letra b) do punto 6 do artigo 17 do Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro; destas últimas, as non cubertas acumularanse ás 16 ofertadas sen exigencia previa de titulación de técnico superior.

(u) Destas 210 prazas, ofertaranse 32 con exigencia de titulación previa de técnico superior, nas condicións establecidas na letra b) do punto 6 do artigo 17 do Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro; destas últimas, as non cubertas acumularanse ás 178 ofertadas sen exigencia previa de titulación de técnico superior.

(v) Nas convocatorias correspondentes poderanse fixar normas específicas de acumulación, cumprindo sempre o requisito de que as prazas non cubertas por promoción ou promoción interna non se poderán acumular, en ningún caso, ás prazas ofertadas para ingreso directo.

(w) As prazas ofertadas ao persoal que desempeñe cada unha das tres condicións militares, que non resulten cubertas, ofertaranse ao persoal que desempeñe as outras dúas. A orde de prioridade en caso de que haxa persoal solicitante procedente de condicións diferentes será: primeiro, militares de carreira; segundo, militares de tropa e mariñeiría; terceiro, militares de complemento para cambio de escala, e cuarto, militares de complemento para cambio de corpo. Esta oferta farase despois de realizar a acumulación de prazas entre as dúas formas de promoción dos militares de complemento. Para as prazas ofertadas ao corpo militar de sanidade, especialidade fundamental Medicina, sen exigencia de titulación previa, as normas aplicables á acumulación determinaranse na súa convocatoria específica.